

6.- O CAMBIO DINÁSTICO E A GUERRA DE SUCESIÓN¹

ORIENTACIÓNS DA PAU: Nesta pregunta o alumnado deberá demostrar que coñece as razóns explicativas da Guerra de Sucesión e a súa cronoloxía; a configuración xeral dos bandos enfrontados tanto a nivel internacional como dentro dos territorios peninsulares da monarquía hispánica (dimensión interna deste conflito); a chegada da paz e as principais consecuencias políticas, territoriais e económicas da sinatura do Tratado de Utrecht.

Estudo para a PAU: Centrarse nas causas e consecuencias da guerra

1. BANDOS E CAUSAS DA GUERRA DE SUCESIÓN

No ano 1700, a morte sen descendencia do rei Carlos II, último representante da casa de Austria (Habsburgo) na Monarquía Hispánica, provocou un importante problema político, tanto interno coma externo xa que había dous candidatos a sucedelo:

- 1) **Felipe de Anjou**, (futuro Felipe V desde 1700) da familia Borbón, neto do rei de Francia Lois XIV. Foi a opción elixida no testamento de Carlos II xa que o apoio de Francia, principal potencia continental do momento, permitiría conservar a integridade territorial da monarquía española e defender as posesións en América. Nun inicio é aceptado tanto dentro coma fóra da península, a excepción do emperador de Austria, que non recoñece o testamento de Carlos II e inicia as hostilidades con Italia. As demais potencias europeas alármanse ante a posibilidade de que se formase un poderoso bloque franco-hispano.
- 2) O **arquiduque Carlos de Austria** (fillo do emperador austríaco) apoiado por Austria e as potencias marítimas (Inglaterra e Holanda) que se opuña á hexemonía francesa en Europa e mantiñan ambicións sobre o Imperio español e o seu comercio colonial.

2. A GUERRA DE SUCESIÓN

A Guerra de Sucesión non foi apenas un conflito doméstico, senón tamén unha contenda europea.

- 1) **Contenda europea:** O perigo da hexemonía francesa en Europa provocou o enfrontamento do bloque franco-hispano contra a Gran Alianza da Haia encabezada por Austria con Gran Bretaña, as Provincias Unidas (Holanda), Dinamarca, Prusia, Savoia e Portugal.
- 2) **Conflito interno** : Na península o conflito sucesorio converteuse nunha guerra civil e nun enfrontamento entre dúas concepcións do Estado: a centralista e a foralista.
 - a) Os territorios da **coroa de Castela**, en liñas xerais, foron partidarios de Felipe V. O apoio popular a Felipe V baseábase nas esperanzas de cambio e reformas suscitadas polo novo rei e na idea de que o apoio de Francia permitiría defender o imperio.
 - b) A **coroa de Aragón** (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca) posicionouse a favor do arquiduque Carlos por varias razóns:
 - Temor ás tendencias absolutistas e centralizadoras do modelo absolutista do novo rei. Defendían o sistema pactista seguido polos Austrias que establecía privilexios de autogoberno para estes territorios.
 - A eficacia da propaganda austracista entre os sectores populares, aos que prometía medidas contra os señores (en Valencia o conflito tomou o cariz dunha revolta antiseñorial).
 - A animadversión en Cataluña contra os franceses pola súa actuación durante a sublevación de 1640.

¹ Texto adaptado do IES San Rosendo [https://www.edu.xunta.gal/centros/iesosanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^*], de Andrea Montero do IES da Guía [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/aulavirtual/course/view.php?id=37>] e manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía.

Nun primeiro momento, o bando austríaco antiborbónico toma a senda da vitoria, coas tropas inglesas e austríacas entrando en España. En 1704 as tropas británicas ocupan Xibraltar e en 1705, o arquiduque Carlos é recoñecido como rei da Monarquía Hispánica en Barcelona. Non obstante, a partir da Batalla de Almansa (1707), Brihuega e Villaviciosa (1710) a guerra decantouse polo bando borbónico abrindo paso para a conquista de Valencia e Aragón.

O feito que desencadea a fin da contenda é a proclamación como emperador de Austria ao arquiduque Carlos (1711), facendo que o resto das potencias que o apoiaban perdan interese polo conflito, ante o temor, agora, dunha superioridade austríaca en Europa. A guerra continuou alén da sinatura dos tratados de paz. As tropas de Felipe V conquistaron Barcelona o 11 de setembro de 1714 e Mallorca e Eivisa en 1715.

4. CONSECUENCIAS DA SINATURA DO TRATADO DE UTRECHT

Cos tratados de **Utrecht (1713)** e **Rastatt (1714)** pónse fin á Guerra de Sucesión e o mapa político de Europa occidental varía. En Rastatt acordan o reparto de territorios Francia e Austria, principalmente. En Utrecht será o lugar onde a Monarquía Hispánica perda definitivamente a súa hexemonía. Os principais acordos son:

- Felipe V foi recoñecido como **rei da Monarquía Hispánica** (agás por Austria que o fará en 1725) e renunciaba ao seu dereito ao trono francés.
- Gran Bretaña logrou algunhas adquisicións territoriais como **Xibraltar** e **Menorca**, ademais dun *navío de permiso* para comerciar coa América hispánica e o **asento de negros** para abastecer de forma exclusiva as colonias españolas de man de obra escrava.
- Carlos de Habsburgo obtiña **Países Baixos**, o **ducado de Milán**, **Nápoles** e **Sardegna**.
- Holanda obtivo varias prazas para a súa defensa na fronteira cos Países Baixos.
- Duque de Savoia recibía **Sicilia** e o título de rei de Piemonte e Sicilia.
- Portugal obtiña a colonia de **Sacramento** (no actual Uruguai).
- Duque de Prusia recibía o **Alto Gueldres** e o título de rei.

As consecuencias da guerra foron profundas xa que a chegada da nova dinastía supuxo a instauración da monarquía absoluta e un cambio drástico na configuración política e administrativa do estado, pois Felipe V, a partir dos decretos de *Nova Planta* eliminou os privilexios e institucións forais nos reinos da coroa de Aragón e estableceu un modelo centralista para o goberno do país.